

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA DO 1 DE ABRIL DE 2016

LICENZAS FAVORABLES

LIC/1706/2014.- JOSÉ MANUEL MALLO NIEVES.- Conceder a licenza de legalización de ampliación de planta soto e aproveitamento baixo-cuberta dun inmovible sito na rúa Santa Lucía (de) nº 80.

PRÓRROGA.-

LIC/845/2008.- MANUEL ESPASANDÍN PEREIRO.- Conceder a prórroga da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de 5 de decembro de 2011 para a construción dunha vivenda unifamiliar en rúa Barrio de Guadalupe nº 6.

RECURSOS DE REPOSICIÓN.-

LIC/1828/2015.- JOSÉ ANTONIO CAPELO GARCÍA.- Rexeitar o recurso de reposición presentado polo interesado e manter a aplicación da suspensión de licenzas acordada na Xunta de Goberno Local de 27 de novembro de 2015 para a tramitación da licenza de rehabilitación de edificación para hotel 1 estrela en rúa Mazarelos (de), 9.

LIC/256/2014.- PIZZBUR FRANQUICIAS SL.- Rexeitar os recursos de reposición interpostos por D. Alfonso Alonso Fachado, D. Carlos Ignacio Labraña e D. Juan José Casuso contra a concesión da licenza de obras de acondicionamento de local destinado a pizzería en Avda. da Liberdade, 12 – 14 polo acordo da Xunta de Goberno Local de data 30/10/2015.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza de legalización de ampliación de planta soto e aproveitamento baixo-cuberta dun inmovible sito na rúa Santa Lucía (de), nº 80. (LIC/1706/2014). Apróbase a proposta.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de prórroga da licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar na rúa Barrio de Guadalupe, nº 6. (LIC/845/2008). Apróbase a proposta.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa ao rexeitamento do recurso de reposición presentado e manter a aplicación da suspensión de licenzas acordada na Xunta de Goberno Local de 27.11.15 para a tramitación da licenza de rehabilitación de edificación para hotel 1 estrela na rúa Mazarelos (de), 9. (LIC/1828/2015). Apróbase a proposta.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa ao rexeitamento dos recursos de reposición interpostos por D.Alfonso Alonso Fachado, D.Carlos Ignacio Labraña e D.Juan José Casuso contra a concesión da licenza de obras de acondicionamento de local destinado a pizzería na Avda. da Liberdade, 12-14. (LIC/256/2014). Apróbase a proposta.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa ao rexeitamento do recurso de reposición por PROYECTOS E INMUEBLES DE GALICIA, S.L. e inadmisión á reclamación de indemnización por responsabilidade patrimonial en relación ao solo urbanizable non programado SUNP-11. Apróbase a proposta.

7.- Proposta do alcalde relativa á devolución de fianza á empresa ILUMINACIONES SANTIAGUESAS, S.L. Apróbase a proposta.

8.- Propostas da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativas a desestamentos e arquivo de solicitudes de diversas axudas do PROGRAMA SANTIAGO

SUMA DE INCLUSIÓN SOCIAL. Apróbase a proposta.

9.- Propostas da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativas á concesión de diversas axudas do PROGRAMA SANTIAGO SUMA DE INCLUSIÓN SOCIAL. Apróbase a concesión de catro axudas por un importe total de 9.948,05 euros.

10.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural para dar conta da concesión das actividades do programa LER CONTA MOITO 2016, para a dinamización da lectura nas bibliotecas públicas integradas na rede de bibliotecas públicas de Galicia. Dáse conta das actividades do programa “Ler conta moito 2016”, que se desenvolverán nos centros socioculturais de Conxo, Vite, Santa Marta e Fontiñas, por un importe total de 3.980 euros. A secretaría xeral de Cultura da Xunta aportará o 75 % desa cantidade (2.985 €), e o Concello aportará o 25 % restante (995 €).

11.- Recoñecementos extraxudiciais de créditos. Apróbase a proposta, por un importe total de 324.145,32 euros polo concepto Subministro de electricidade.